



SESION EXTRAORDINARIA
DO PLENO DA CORPORACION
CORRESPONDENTE O DIA 25 DE OUTUBRO DE 2.018

No salón de Sesións da Casa do Concello de A Mezquita, sendo ás vinte horas e un minuto do día vinte e cinco de outubro de dous mil dezaoto, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez, coa *asistencia* do Sres. Concelleiros D. Antonio Blanco Martínez, D. Jose Antonio Carracedo Ramírez, D. Juan Santiago González Rodríguez do grupo municipal do BNG, e D^a María Teresa Pereira Quintas do PSdeG, coa *ausencia* dos Sres. Concelleiros do Grupo Popular, D. Francisco José Montesinos Rodríguez, D. Jose Luis Rodríguez Alonso, D. Santos Piornedo Piornedo e D. Jesús Río Piornedo; actuando como Secretario da Corporación, D. Francisco García Suárez, REUNIUSE o Pleno da Corporación deste Concello, ao obxecto de celebrar a Sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenrola dacordo co seguinte orde do día:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE DATA 4/10/2018

Por unanimidade dos asistentes, aprobouse a acta da sesión anterior correspondente á celebrada o 4/10/2018

2º.- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PROXECTO REFUNDIDO DO PROXECTO DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO RURAL DE CHAGUAZOSO.

Expón o Alcalde-Presidente as consideracións que a Subdirección Xeral de Urbanismo expresou en escrito remitido o pasado 3 de setembro no que instaba a realizar un Proxecto Refundido enumerando as deficiencias sinaladas nos puntos II 3 a II 8.

Indica que foi recibida a documentación do novo Proxecto Refundido redactada por Basalo Arquitectos na que se corríxen as deficiencias sinaladas e que a mesma foi dictaminada pola Comisión Informativa e propón ao Pleno a súa aprobación.

O Pleno por unanimidade dos asistentes e co quorum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación

ACORDA

PRIMEIRO. Aprobar o PROXECTO REFUNDIDO redactado por Basalo Arquitectos con rexistro de entrada 917 do 22 de outubro que corrixe as deficiencias sinaladas pola Subdirección Xeral de Urbanismo a respecto do documento aprobado provisionalmente o 28 de xuño do 2018 do EXPEDIENTE DE DELIMITACION DO NUCLEO RURAL DE CHAGUAZOSO

SEGUNDO. Remitir o expediente a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

3º.- ORZAMENTO XERAL 2019

Expón a Alcaldía a importancia da aprobación do Orzamento Xeral 2019 en tempo e forma para rexir a actividade económica e financeira do Concello a partir do 1 de Xaneiro 2019. Indica asimesmo os obxectivos da proposta de orzamento para o 2019 e solicita da Secretaría -Intervención un resume das principais características da proposta elaborada e dictaminada favorablemente na Comisión Informativa de Facenda.

Faise fincapé no importante esforzo municipal realizado no 2018 de redución de débeda municipal, circunstancia que se recolle nos informes do Orzamento indicando un gasto neste concepto de practicamente o 30% dos ingresos ordinarios do 2018, 231.439 € foron destinados a cancelar a débeda bancaria herdada e a facturación pendente con Gas Natural estando previsto para o 2019 unhas novas previsións de 161.000 € para este saneamento financeiro. Dá conta a Alcaldía das principais partidas para a dinamización económica e social do Concello.

Por unanimidade dos asistentes o Pleno da Corporación, visto o dictame favorable da Comisión Informativa, vistos os informes económicos financeiros da Secretaría-Intervención do cumprimento dos principios de Estabilidade Orzamentaria, Regla de Gasto



e Límite de Débeda Municipal, visto o expediente completo coa documentación legalmente esixida

ACORDA

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral deste Concello, para o exercicio económico 2019, que ascende a 1.123.511 € en ingresos e gastos, xunto coas súas Bases de Execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS	
A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	1.061.864
A.1. OPERACIÓNS CORRENTES	784.827
CAPÍTULO 1: Gastos de Persoal	462.103
CAPÍTULO 2: Gastos Correntes en Bens e Servizos	277.588
CAPÍTULO 3: Gastos Financeiros	7.000
CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes	38.136
A.2 OPERACIÓNS DE CAPITAL	277.037
CAPÍTULO 6: Investimentos Reais	277.037
CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital	--
B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	61.647
CAPÍTULO 8: Activos Financeiros	0
CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros	61.647
TOTAL	1.123.511 €

ESTADO DE INGRESOS	
A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	1.116.511
A.1. OPERACIÓNS CORRENTES	903.182
CAPÍTULO 1: Impostos Directos	164.500
CAPÍTULO 2: Impostos Indirectos	5.000
CAPÍTULO 3: Taxas, Prezos Públicos e outros Ingresos	111.000
CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes	622.382
CAPÍTULO 5: Ingresos Patrimoniais	300
A.2 OPERACIÓNS DE CAPITAL	215.329
CAPÍTULO 6: Alleamento de Investimentos Reais	40.000
CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital	175.329
B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	5.000
CAPÍTULO 8: Activos Financeiros	--
CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros	5.000
TOTAL	1.123.511 €

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o Anexo de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral coas retribucións correspondentes que recollen as existentes no ano 2018 pendentes de coñecer as determinacións do Orzamento Xeral do Estado.

TERCEIRO. Expor ao público o Orzamento Xeral, as Bases de Execución e o Anexo de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamación polos interesados.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos estes Acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

QUINTO. Remitir copia á Administración do Estado, así como, á Xunta de Galicia.

SEXTO. Vistas as previsións orzamentarias para o 2019, a necesidade de cumprir o Plan de Axuste e o criterio de asumir a xestión polo Concello dos servizos de auga e saneamento no 2019, o Pleno acorda por unanimidade e co quorum da maioría absoluta do nº legal de membros da Corporación rescindir o convenio Marco de Colaboración para o control e mantemento de depuradoras compactas en núcleos de poboación suscrito coa Deputación Provincial de Ourense con efectos do 31 de decembro de 2018.



4º.- Aprobación calendario festivos locais 2019

Vista a comunicación do Xefe Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Ourense trasladando o calendario laboral 2019 e solicitando a remisión da correspondente proposta de festivos locais do Concello de A Mezquita para o vindeiro 2019 a proposta da Alcaldía o Pleno da Corporación, por unanimidade, elixe como festas locais o 5 de agosto pola celebración da Virxe das Neves e o 11 de novembro pola celebración da tradicional festa dos magostos, acordando comunicar esta resolución en prazo para a súa incorporación ao Calendario Laboral 2019.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon

E non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos, da que se levanta a presente acta, que como Secretario dou fé e Certifico

O ALCALDE,

O SECRETARIO,